## Acordos interpretativos e normas complementarias do Regulamento do Parlamento de Galicia

1. Resolución da Mesa do Parlamento do 17 de abril de 1984, sobre o artigo 150.1 do Regulamento relativo ó prazo de substanciación das interpelacións. (Non está publicada no BOPG)
2. Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986, sobre os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento, relativa á delegación nas mesas das comisións das facultades destas para pedir información as institucións autonómicas, requeri-la presencia doutras persoas e acorda-la comparecencia para informar dos membros da Xunta- BOPG núm. 20 24/04/86
3. Resolución da Mesa do Parlamento do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento relativo ó contido, prazo de inclusión na orde do día e calificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei - BOPG núm. 40 11/07/86
4. Acordo da Mesa do Parlamento do 4 de setembro de 1986, sobre normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia e das súas sociedades- BOPG núm. 43 8/09/86
5. Acordo da Mesa do parlamento do 5 de maio de 1987,sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Contas da Comunidade Autónoma de Galicia - BOPG núm. 139 11/05/87
6. Acordo da Mesa do Parlamento do 16 e 20 de setembro de 1988, verbo do prazo para a súa inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións - BOPG núm. 300 5/10/88
7. Acordo interpretativo do artigo 73.1 do Regulamento (alteración da orde do día das sesións do pleno) - BOPG núm. 411 4/09/89
8. Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo- BOPG núm. 151, 1-6-91
9. Normas sobre a tramitación do proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas - BOPG núm. 243 28/02/92
10. Acordo interpretativo do artigo 115 do Regulamento do Parlamento de Galicia (facultades dos presidentes das mesas das comisións na convocatoria e impulso do traballo das ponencias) - BOPG núm. 310 12/09/92
11. Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia- BOPG núm. 400, 28-4-93
12. Normas reguladoras do rexistro de intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais como modificativos ou complementarios. - BOPG núm. 101, 4-8-94
13. Normas para a tramitación do proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo. - BOPG núm. 389 12/01/96
14. Normas complementarias ó acordo da Mesa do Parlamento do 5 de maio de 1987 para ordena-la elección de dúas vacantes no consello de Contas de Galicia.- BOPG núm. 626 4/04/97
15. Normas para a elección de vocais do Consello de Bibliotecas.- BOPG núm. 49 12/03/98
16. Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes. - BOPG núm. 151 1/10/98

17. Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento do Parlamento de Galicia para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia. - BOPG núm. 43, 4-2-02
18. Modificación do acordo interpretativo, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do regulamento do parlamento de Galicia, respecto do prazo de inclusión na orde do día do Pleno ou das Comisións das proposicións non de lei.- BOPG núm. 86, 4-4-02
19. Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia - BOPG núm. 377, 23-6-03
20. Normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento.- BOPG núm. 377, 23-6-03
21. Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das Normas supletorias referidas ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei.- BOPG núm. 10, 31-8-2005
22. Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta.- BOPG núm. 10, 31-8-2005
23. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 19 de maio de 2006, de modificación da Norma interpretativa verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións- BOPG núm. 147, 26-5-06
24. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de novembro de 2007, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento de designación de candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.- BOPG núm. 463, 3-12-2007
25. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2008, polo que se aproban as Normas reguladoras da presentación da memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia ante o Parlamento.- BOPG núm. 599, fasc.2, 4-9-08.
26. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces, do 14 de maio de 2009, polo que se aproban as Normas sobre a ordenación da elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.- BOPG núm. 18, 15-4-09, fascículo 2.
27. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia, do 14 de maio de 2009, polo que se aproban as Normas sobre a ordenación da elección dos membros do Consello Asesor de Radio-Televisión Española en Galicia e se fixa o prazo de presentación de candidaturas polos grupos parlamentarios.- BOPG núm. 18, fasc. 2, 15-4-09,.
28. Acordo da Mesa do Parlamento, do día 10 de decembro de 2009, polo que se aproban as Normas para o nomeamento dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores- BOPG núm. 135, fasc. 3 ,14-12-09,
29. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de xaneiro de 2010, polo que se aproban as Normas para a elección polo Parlamento de Galicia dos representantes da Comunidade Autónoma de Galicia nas asembleas xerais das caixas de aforros galegas- BOPG núm. 154, fasc.4, 19-01-10.

30. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de xullo de 2010, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea - BOPG núm. 276, 16-7-10
31. Normas supletorias do procedemento de audiencia do Parlamento de Galicia na autorización das fusións das caixas de aforros - BOPG núm. 346, 3-11-10, fasc. 2
32. Modificación das normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea - BOPG núm. 446, fasc.1, 7-4-11,.

## 1. Resolución da Mesa do Parlamento, do 17 de abril de 1984, sobre o artigo 150.1 do Regulamento da Cámara, relativo ó prazo de substanciación das interpelacións.

Suscitada cuestión na Xunta de Portavoces sobre a interpretación que deba dárselle ó apartado 1º do artigo 150 do Regulamento, a Mesa entende que para resolve-la cuestión proposta se fan necesarias as seguintes consideracións previas:

a) Que a facultade que teñen os deputados e os grupos parlamentarios para lle formularen interpelacións á Xunta, recoñecida no artigo 147 do Regulamento da Cámara, consolídase ó ser cualificada e admitida a interpelación pola Mesa (artigo 30), quedando deste xeito en condición de poder levarse á orde do día do Pleno desde que transcorran quince días da súa publicación, gardando as prioridades establecidas no artigo 149.

b) Que o artigo 150 do devandito Regulamento puntualiza que as interpelacións se substanciarán perante o Pleno, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicadas, sen que se faga difícil advertir que esta norma, aínda que establece un mandato, non contén para o caso de incumprimento ningunha sanción.

c) Que en tales condicións hai que entende-la expresión  nunha dobre finalidade:

—Constituír, a favor do suxeito activo da interpelación e mais das minorías parlamentarias, unha garantía de que toda interpelación, cualificada e admitida a trámite, debe ser levada ó Pleno no prazo establecido.

—Sinalar, doutra banda, a necesidade de manter unha organización do traballo que impida que as interpelacións perdan actualidade, principio que reforza o artigo 158.

Con estes antecedentes a Mesa entende que o incumprimento desa limitación temporal non pode xera-la decadencia ou caducidade da interpelación polos seguintes motivos:

1.- Porque para que o tempo fixado no artigo 150 se puidese entender como termo da duración da interpelación, determinando no caso de non cumprirse a decadencia ou caducidade da mesma, faríase necesario que a norma o dixese así. Pero non só non o di, senón que, ademais, a norma é incompleta por non ter sanción.

2.- Porque se se fixese unha interpretación extensiva e libre que tivese o tempo fixado como termo de caducidade, poñeríase a cargo do titular da interpelación unha responsabilidade que lle corresponde ó órgano encargado de leva-la interpelación ó Pleno, e esa responsabilidade non pode recaer no deputado ou grupo parlamentario que formulan a interpelación, porque para exercita-lo dereito de promovela non se lles piden outras instancias nin requisitos có do simple exercicio da súa iniciativa ou a declaración de vontade de mantela no caso de remata-lo período de sesións.

En virtude do que queda exposto, facendo uso da facultade que outorga o artigo 30.1 do repetido Regulamento, a Mesa acorda declarar que o tempo sinalado no apartado 1º do artigo

150 non é termo determinante da decadencia ou caducidade da interpelación, sen prexuício de que se teña en conta no sucesivo na programación e formación da orde do día dos plenos.

## 2. Resolución da Mesa do Parlamento, do 11 de abril de 1986, sobre os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento da Cámara, relativa á delegación nas mesas das comisións das facultades destas para pedirlles información ás institucións autonómicas, requiri-la presencia dos membros da Xunta, solicita-la presencia doutras persoas e acorda-la comparecencia para informar dos membros da Xunta.

O artigo 44.1 do Regulamento atribúelles ás comisións, a través do presidente do Parlamento, a facultade para pediren a información que necesiten nos termos do seu apartado 1º e para requiriren ou solicitaren a presencia dos membros da Xunta ou doutras persoas (funcionarios ou autoridades) competentes por razón da materia que se debate, coa finalidade de informaren sobre tódalas cuestións nas que sexan consultados.

O artigo 143.1, pola súa banda, atribúelles ás comisións a facultade para solicitaren a comparecencia ante as mesmas dos membros da Xunta coa finalidade de celebrar unha sesión informativa.

Dunha interpretación literal dos devanditos artigos tírase que as facultades referidas se lles atribúen ás comisións sen máis aclaración e que, por riba, non contemplan iniciativa ningunha para o exercicio das mesmas.

A dúbida, que respecto de ámbolos dous artigos suscita é que debe entenderse por Comisión e a omisión que conteñen da sinalada iniciativa, fan que a Mesa do Parlamento, ó amparo do disposto no artigo 30.1.1º do Regulamento, resolva:

1.—As facultades atribuídas polos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento ás comisións no seu conxunto entendaranse delegadas nas súas mesas, logo de acordo das comisións que habilitasen a delegación.

2.—As iniciativas para o exercicio das facultades ás que se refiren os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento corresponderanlles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da Comisión, tanto nun coma noutro caso.

3.—As devanditas iniciativas dirixiranse á Mesa da Comisión que cumpra e instrumentaranse a través do presidente do Parlamento.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 1986.

Tomás Pérez Vidal
Presidente en funcións

## 3. Resolución da Mesa do Parlamento, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara, relativo ó contido, ó prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei.

Vistos os supostos de dúbida e omisión suscitados a partir da interpretación das normas reguladoras das proposicións non de lei, no que atinxe ó seu contido, ó prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás asignadas á Comisión, a Mesa, en exercicio das facultades previstas no artigo 30.1.1º, resolve:

1º) A Mesa do Parlamento decidirá a admisión a trámite das proposicións non de lei presentadas polo grupos parlamentarios en función de que as propostas de resolución formuladas a través das mesmas conteñan declaracións de vontade dirixidas ó Executivo galego, coa finalidade de insta-la remisión dun proxecto de lei, o seu pronunciamento sobre un texto de carácter non lexislativo ou o impulso da súa actuación política en materia da súa competencia. No suposto de que a súa finalidade sexa obter unha manifestación de vontade da Cámara, deberá limitarse a materias que afecten o ámbito competencial ou o interese da Comunidade Autónoma.

2º) Que as proposicións non de lei estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno ou das comisións transcorridos dez días desde a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento Galicia.

3º) Asignada a tramitación das proposicións non de lei ás comisións, facúltanse as súas respectivas mesas para cualificaren e admitiren a trámite as emendas que se axusten ós contidos referenciados no apartado 1º.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 1986.

Tomás Pérez Vidal
Presidente

## 4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre as normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas Sociedades.

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, correspóndelle ó Parlamento de Galicia o control da actuación da CRTVG e das súas sociedades.

Para instrumenta-lo seu exercicio é preciso asignarlle a competencia a un órgano parlamentario específico e regula-lo seu funcionamento.

A consecución do primeiro obxectivo acadouse o 21 de xaneiro de 1986 coa constitución dunha Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG e das súas Sociedades.

Para satisface-lo segundo, a Mesa considera oportuno facer uso das facultades previstas no artigo 30.1.1.º do Regulamento. Na súa virtude e en sesión celebrada o día 14 de xullo, aprobou as seguintes:

Normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de RTVG e das súas Sociedades

I. Solicitude de información e documentación

Primeira: Os deputados poderán solicitar do presidente do Consello de Administración e do director xeral os datos, informes ou documentos que obren no seu poder, axustándose ó previsto no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Segunda: A Comisión poderá pedi-la información e documentación que necesite da Compañía e das súas sociedades ou requiri-la presencia do presidente do Consello, do director xeral ou doutras persoas vinculadas ás mesmas, de conformidade co disposto no artigo 44 do Regulamento e nos termos establecidos no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986 (BOPG núm. 20, do 24-4-86).

II. Sesións informativas

Terceira: O presidente do Consello de Administración ou o director xeral da Compañía, a petición propia ou a iniciativa da Comisión, comparecerán ante esta para celebrar sesións informativas.

O presidente do Consello de Administración, logo de comunicación motivada, poderá delega-la súa comparecencia nun membro do mesmo e o director xeral en calquera dos directores xerais de TVG ou Radiodifusión.

Cuarta: A iniciativa de comparecencia e o desenvolvemento da sesión axustaranse ó previsto no artigo 143 do Regulamento, coas determinacións establecidas no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986.

III. Preguntas

Quinta: Os deputados poderán formularlles preguntas orais en Comisión e escritas ó presidente do Consello e ó director xeral sobre materias das súas respectivas competencias, tal como se define na Lei 9/1984, do 11 de agosto.

Sexta: As preguntas cualificadas como de resposta oral en Comisión tramitaranse conforme o previsto no artigo 156 do Regulamento.

Sétima: As preguntas con resposta escrita rexeranse polo disposto no artigo 157 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 1986.

Tomás Pérez Vidal
Presidente

## 5. Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de maio de 1987, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Contas da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.—Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propor un máximo de cinco candidatos, que deberán reuni-las condicións de idoneidade preceptuadas nos apartados 2º e 3º do artigo 12 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, con aceptación expresa do candidato.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido este á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario. O prazo de presentación no Rexistro da Cámara remata ás 19,30 horas do día 22 de maio, venres.

Rematado o prazo de presentación, elaborarase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e os grupos parlamentarios que os propuxeron. Desta lista daráselles traslado ós portavoces dos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da celebración da votación.

II.—Votación

A votación farase de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento.

III.—Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elexidos aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos, sempre que este equivalla ós 3/5 dos membros da Cámara, ou sexa, 43 votos.

De continuar existindo vacantes despois da primeira votación, os candidatos que non obtiveron os 43 votos necesarios someteranse a unha nova elección dentro da mesma sesión.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1987.

Tomás Pérez Vidal
Presidente

## 6. Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 e 20 de setembro de 1988, verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións. (modificada posteriormente pola Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia)

A Mesa do Parlamento de Galicia, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, en reunións celebradas os días 16 e 20 de setembro de 1988, adoptou o seguinte acordo verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións.

—Unha de caducidade, xa que, aberta a posibilidade de exercer un dereito ou de realizar unha determinada actividade dentro dese espacio de tempo, o trámite permanece vivo, sen que se poida adoptar ningunha resolución sobre o documento ata que o prazo finalice, todo isto en función dunha previsible do Goberno autonómico, dos grupos parlamentarios ou dos deputados que poida modifica-lo seu contido.

—Outra de publicidade, que serve para que o Goberno e os deputados teñan coñecemento da iniciativa cunha finalidade fundamentalmente informativa, sen que durante ese espacio de tempo se abra unha actividade parlamentaria específica que poida altera-lo seu contido, coa única excepción da súa posible retirada, alternativa vinculada a todo procedemento iniciado por instancia da parte interesada.

En virtude do exposto, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces e en exercicio da función contida no artigo 30 do Regulamento, establece o seguinte criterio:

1º—Os textos lexislativos non poden ser incluídos nunha orde do día en tanto que o prazo regulamentario establecido non se peche.

2º—Os demais documentos pódense incluír na orde do día en función da data na que teña que celebrarse a sesión parlamentaria, sempre que medie entre o remate do período hábil de publicidade da iniciativa e o da celebración da sesión un prazo mínimo de corenta e oito horas, por congruencia co disposto no artigo 74 do Regulamento».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 1988.

Tomás Pérez Vidal
Presidente

## 7. Acordo interpretativo do artigo 73.1 do Regulamento.

Ante a dúbida xurdida sobre a procedencia de incluír nunha sesión extraordinaria convocada, como cuestión previa, a prestación de promesa ou xuramento de acatamento á Constitución e ó Estatuto de Autonomía de Galicia para adquiri-la condición plena de deputado.

Con fundamento nos artigos 7.1.3 do Regulamento e 108.6 da Ley orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e tendo presente a seguinte motivación:

—Que a norma regulamentaria persegue o cumprimento dun especial deber positivo de acatamento á Contitución (e ó Estatuto de Autonomía de Galicia) que pesa sobre os titulares dos poderes públicos (STC n.º 101/1983, do 19 de novembro).

—Que non cabe unha interpretación restrictiva da expresión "...a primeira sesión do Pleno á que asista...", a fin de non limitar sen norma legal habilitante o dereito a participar nos asuntos públicos recoñecido no artigo 23.1 da Constitución.

—Que a inclusión non afecta ó contido material da orde do día fixado como confirma o precedente da sesión plenaria do 29 de decembro de 1987.

A Mesa, en reunión celebrada o día 29 de agosto de 1989, e no exercicio das facultades conferidas polo artigo 30.2.1 do Regulamento, presta a súa aprobación ó seguinte acordo interpretativo do artigo 71.1 do Regulamento:

"Non se considera alteración da orde do día do Pleno, a apertura dunha sesión ordinaria ou extraordinaria, co acto preliminar de prestación de promesa ou xuramento esixida no artigo 7.1.3 do Regulamento, a fin de adquiri-la condición plena de deputado, sempre que no proclamado electo concorran os demais requisitos establecidos no devandito precepto."

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 1989

Tomás Pérez Vidal
Presidente

## 8. Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo.

Da lectura conxunta dos artigos 4, 36 e 37 da Lei autonómica 6/1981, do 5 de xuño, e 44 e 113 do Regulamento da Cámara, configúranse as relacións existentes entre o Valedor do Pobo e o Parlamento en tres vertentes:

1.—Orgánica, a través da Comisión de Peticións e do Pleno da Cámara.

2.—Funcional, coa finalidade de dar conta da xestión anual da institución ou daqueles feitos ou actuacións en materia de tutela de dereitos individuais e colectivos dos galegos ou derivados da supervisión de actividades da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

3.—Procedemental, articulando a súa instrumentación mediante o informe anual e os informes extraordinarios correspondentes.

Para facer efectivas as devanditas relacións, e dada a carencia dunha norma regulamentaria específica, a Mesa, logo de acordo favorable da Xunta de Portavoces e ó abeiro do artigo 30.1.1ª, préstalle-la súa aprobación ás seguintes

NORMAS

I
Informe anual

Primeira.—Actuación da Mesa do Parlamento.

O informe anual do Valedor do Pobo remitirase á Mesa do Parlamento dentro do período ordinario de sesións.

Recibido, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado á Comisión de Peticións.

Segunda.—Actuación da Comisión de Peticións.

Incluído na orde do día dunha sesión específica da Comisión, desenvolverase do xeito seguinte:

—Exposición oral do informe polo valedor, sen límite de tempo.

—Suspensión da reunión por un tempo máximo de trinta minutos.

—Intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por dez minutos para formularen preguntas ou faceren observacións sobre o informe, ás que contestará o valedor.

—Apertura dunha nova quenda que concederá a Mesa, se o estima oportuno, para que os deputados poidan solicitar do valedor aclaracións sobre a información facilitada, por un tempo máximo para cada un de cinco minutos.

Terceira.—Debate ante o Pleno.

O debate axustarase ó seguinte procedemento:

a) O valedor expoñerá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións. Ó seu remate abandonará o salón de sesións e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

b) Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de quince minutos para fixaren a súa posición respecto do informe presentado.

c) Con motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuício de posteriores iniciativas regulamentarias.

II
Informes extraordinarios
Cuarta .—Determinación .

Os informes extraordinarios presentaranse cando se produzan feitos ou se constaten actuacións en materia de tutela de dereitos individuais ou colectivos dos galegos ou derivados da supervisión da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma que pola súa gravidade ou urxencia deba coñecer de xeito inmediato a Cámara.

Quinta.—Competencia e iniciativa.

O seu debate producirase ante o Pleno, a Deputación Permanente ou a Comisión de Peticións, tendo en conta para a súa asignación a importancia dos feitos e as actuacións e o período parlamentario no que se produzan.

A solicitude de presentación do informe correspóndelle ó Valedor do Pobo ou á Cámara. Neste último suposto, a iniciativa, que terá que ser motivada, exercitarana dous grupos parlamentarios, unha quinta parte dos membros da Cámara ou a Comisión de Peticións. Tal iniciativa cualificaraa a Mesa do Parlamento, que, oída a Xunta de Portavoces, decidirá sobre a súa admisión a trámite ante o órgano parlamentario correspondente e dispoñerá a publicación do informe solicitado.

Sexta.—Procedemento.

O debate no Pleno axustarase ó disposto na norma terceira e o debate ante a Deputación Permanente ou na Comisión de Peticións ó establecido no artigo 143 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 1991.
Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 9. Normas sobre a tramitación do Proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

PRESIDENCIA

Con data 24 de outubro de 1991 tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o Proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia (doc. núm. 5.910).

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 31 de xaneiro de 1992, acordou a súa tramitación ante a Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

Así mesmo, acordou aproba-las normas de tramitación que se publican a seguir e a apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas á totalidade (de devolución) e ó articulado, que remata o próximo día 18 de marzo de 1992.

O que se publica para xeral coñecemento e para os efectos citados, de conformidade co disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 1992

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Normas sobre a tramitación do Proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas (aprobado pola Mesa do Parlamento o día 31 de xaneiro de 1992)

A disposición derradeira da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que o dito órgano estatutario elaborará un proxecto de normas de réxime interior que haberá de presentar ante o Parlamento para a súa aprobación. No Regulamento da Cámara non existe un procedemento específico para a súa tramitación.

O cumprimento daquela obriga legal e a necesidade de supli-la devandita omisión regulamentaria motivan que a Mesa, oído o pronunciamento favorable da Xunta de Portavoces, na súa reunión celebrada o día 31 de xaneiro de 1992, exercite a función primeira do artigo 30.1 do Regulamento e, na súa virtude, lles conceda a súa aprobación ás seguintes normas:

Primeira

Cualificado e admitido a trámite o Proxecto de regulamento de réxime interior do Consello de Contas, a Mesa disporá a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e maila apertura dun prazo de quince días para a presentación de emendas mediante escrito dirixido á Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

Só caben emendas de devolución do proxecto ou ó articulado, correspondéndolle-la presentación das primeiras ós grupos parlamentarios e as segundas ó seu portavoz ou a calquera deputado membro do grupo co coñecemento do seu portavoz.

Segunda

Unha vez cualificadas e admitidas a trámite as emendas presentadas, a Mesa da devandita Comisión requirirá ós portavoces dos distintos grupos parlamentarios para que designen un ponente titular e outro suplente, que deberán ser membros da devandita Comisión. Designados, a Mesa da Comisión nomeará provisoriamente a Ponencia e ordenará, de xeito conxunto, a súa publicación.

A Ponencia elaborará o seu informe á vista das emendas presentadas e do proxecto en trámite, incorporando ó mesmo aqueles textos que obteñan o apoio maioritario mediante voto ponderado.

Debate e aprobación do dictame

O debate e a votación das emendas e do texto articulado do informe realizarase na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, axustándose ó establecido nos artigos 116 ó 118 do Regulamento. Como acto previo, a Comisión ratificará o nomeamento da Ponencia.

O dictame aprobado pola devandita Comisión publicarase como Regulamento de réxime interior do Consello de Contas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia e, a partir desta última inserción, adquirirá relevancia xurídica externa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 1992

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 10. Acordo interpretativo do artigo 115 do Regulamento do Parlamento, relativo ó nomeamento das ponencias lexislativas, á atribución de funcións e ó prazo para a redacción do correspondente informe.

Aprobado pola Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 6 de maio de 1992:

A experiencia acadada nas distintas lexislaturas poñen de manifesto que a primeira reunión das ponencias se defire no tempo e que o prazo de remate do seu traballo non se cumpre, agás proxectos lexislativos de tramitación urxente.

Xa que logo, e co propósito de superar lagoas existentes no funcionamento das ponencias e axiliza-lo labor lexislativo, préstaselle aprobación ó seguinte

ACORDO INTERPRETATIVO

1º—Compételle ó presidente da Mesa da Comisión que teña atribuída a tramitación do texto lexislativo convocar e presidi-la primeira reunión da Ponencia. Nela procederase á súa constitución, fixación do calendario de traballo e metodoloxía, coa finalidade de darlle remate á súa función dentro do prazo establecido no artigo 115 do Regulamento, coas excepcións previstas no seu apartado segundo.

2º—Incumprido o prazo, ou cando o ritmo de traballo poida preve-lo seu incumprimento, o presidente da Comisión deberá convoca-la Ponencia e impulsa-lo seu traballo para facilitar o máis axiña posible o remate do informe.»

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 1992.

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 11. Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia.

Oída a Xunta de Portavoces, a Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 25 de marzo de 1993, acordou:

1º—Aproba-las Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia e dispoñe-la súa inmediata publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2º—Aplica-los artigos 5 e 8 das devanditas normas para a tramitación dos informes de fiscalización do Tribunal de Contas do Estado para a Conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ó exercicio de 1989 e para os exercicios anteriores que sexan procedentes respecto das sesións intormativas, facultando á Mesa da Comisión para a súa decisión.

O que se publica para xeral coñecemento ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 1993.

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

O artigo 21 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que unha Comisión parlamentaria se encargará das relacións entre este órgano estatutario de fiscalización externa e o Parlamento de Galicia.

Para desenvolver este artigo tíñanse que producir dentro do Parlamento tres actuacións:

a) A constitución da Comisión parlamentaria referida.

Feito que se produciu o día 19 de abril de 1991.

b) A aprobación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

O día 2 de xuño de 1992 a Comisión parlamentaria constituída deulle cumprimento ó mandato contido na disposición derradeira da Lei 6/1985, e o dito Regulamento publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 138, do 17 de xullo de 1992.

c) A regulación das relacións entre ámbalas dúas institucións.

Este é o labor que resta por facer. Ante o silencio do Regulamento da Cámara e do marco legal vixente, a Mesa do Parlamento, en exercicio da facultade recoñecida no artigo 30.1.1ª do Regulamento e coa axuda da Comisión non Permanente lexislativa creada, e que para tal

fin asumiu a fase de elaboración destas normas, e co pronunciamento favorable da Xunta de Portavoces, na fase de discusión, acaba de aproba-las normas que regulan as devanditas relacións sobre a fiscalización externa da actividade económico-financeira do sector público de Galicia, da súa iniciativa de oficio ou a pedimento do Parlamento, na vertente parlamentaria, coa finalidade de darlles trámite no seo da Cámara ás memorias, informes e dictames previstos na Lei 6/1985, do 24 de xuño.

I
Órganos competentes

Artigo 1.— Informe anual de fiscalización sobre a Conta xeral da Comunidade Autónoma.

De conformidade co disposto nos artigos 53.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, correspóndelle ó Pleno do Parlamento a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma, logo de dictame da Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Artigo 2.—Iniciativa de fiscalización selectiva.

En desenvolvemento do disposto no artigo 24.1 da Lei 6/1985, a iniciativa para o exercicio da función fiscalizadora selectiva correspóndelle á Comisión Permanente non Lexislativa de Relacións co Consello de Contas, mediante acordo por maioría simple. Instruméntase do xeito seguinte:

—A solicitude da Xunta de Galicia, por acordo do seu Consello de Goberno respecto da Administración pública da Comunidade Autónoma.

—A petición das corporacións locais, logo de acordo dos seus respectivos plenos.

—A solicitude dun grupo parlamentario, mediante proposición non de lei, xustificando na súa parte expositiva ou de antecedentes os requisitos de urxencia e de extraordinaria importancia previstos no artigo 63.3 do Regulamento do réxime interior do Consello de Contas. A súa cualificación e admisión a trámite é competencia da Mesa do Parlamento, e contra a súa decisión poderá formularse escrito de reconsideración no prazo de dous días hábiles para os efectos previstos no artigo 30.2 do Regulamento.

Artigo 3.—Solicitude de dictames e consultas.

A iniciativa correspóndelle ben á Mesa do Parlamento, ben a esta Comisión parlamentaria, de oficio ou a petición dun grupo parlamentario a través da proposición non de lei.

Artigo 4.—Facultades da Mesa desta Comisión parlamentaria.

A Mesa da Comisión é o órgano facultado para manter unha relación permanente coa Comisión de Goberno do Consello de Contas, para aproba-la orde do día da Comisión e para velar polo cumprimento dos acordos adoptados no seu seo.

II

Tramitación da memoria anual e do informe de fiscalización da Conta xeral

Artigo 5.—Remisión.

Unha vez que o Consello de Contas lle dea cumprimento ó disposto nos artigos 62 e 63 do seu Regulamento de réxime interior, a Mesa do Parlamento, logo da cualificación, disporá a súa admisión a trámite, a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia polo prazo de quince días hábiles e a súa remisión á Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Artigo 6.—Presentación.

1.—Rematado o prazo de publicación, a Mesa da Comisión solicitará a comparecencia do conselleiro maior, asistido dos conselleiros e funcionarios que estime oportuno, ante esta Comisión parlamentaria para a celebración de sesión informativa.

2.—Por aplicación analóxica do correspondente precepto regulamentario, desenvolverase pola canle establecida no artigo 143 do Regulamento, con posibilidade de réplica e dúplica.

Artigo 7.— Observacións ó programa de actividades e á liquidación da Conta do Consello.

1.—Celebrada a comparecencia do conselleiro maior, os grupos parlamentarios poderán formular, dentro dos tres días hábiles seguintes, recomendacións ou suxestións respecto do programa de traballo que se vai realizar ó longo do ano ou do balance de actividades realizadas, así como obxeccións respecto da súa liquidación de contas, partes integrantes da memoria anual.

2.—De producirse, convocarase a Comisión para o seu estudio, debate e votación, e, de ser aprobadas, daráselle traslado ó Consello de Contas para o seu coñecemento.

De non producirse, entenderase que a Comisión lles prestou a súa conformidade á memoria e á liquidación da Conta.

Artigo 8.—Dictame en Comisión do informe anual de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma.

1.—Unha vez celebrada a sesión informativa, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución, congruentes co informe anual obxecto do debate, ante a Mesa da Comisión dentro dos tres días hábiles seguintes á súa celebración. Así mesmo, e tamén por escrito, designarán, se é o caso, un ponente.

2.—A Mesa da Comisión, unha vez cualificadas as propostas presentadas, remitiralle as admitidas á Ponencia designada coa finalidade de estudio do informe e das propostas de resolución presentadas, formulando por escrito o seu pronunciamento.

3.—Publicada a proposta da Ponencia, a Mesa convocará a Comisión para a elaboración do seu dictame.

4.— As propostas admitidas a trámite serán defendidas na Comisión por un tempo máximo de dez minutos por cada grupo parlamentario. O presidente poderá conceder unha rolda en contra de igual tempo, trala defensa das mesmas.

Acto seguido, someteranse a votación segundo a orde de defensa das mesmas, agás aquelas que comporten rexeitamento total do contido do informe do Consello de Contas, que deberán ser votadas nun primeiro lugar.

5.— Aprobada unha proposta, tódalas demais votaranse só no referente ós puntos que sexan complementarios e non contradictorios coa xa aprobada.

Artigo 9.—Debate e votación en Pleno.

1.—O dictame da Comisión e as propostas de resolución aprobadas someteranse a debate e votación ante o Pleno do Parlamento. Iniciarase coa presentación do dictame, seguido dunha rolda de intervencións de cada un dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución, fixación da súa posición respecto das demais, por un tempo conxunto de quince minutos.

2.—Finalizado o debate, iniciarase a votación do dictame de Comisión e, de seguido, das propostas de resolución de cada grupo parlamentario.

3.—O acordo do Pleno do Parlamento publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia e comunicaráselle ó Consello de Contas.

III
Informes de fiscalización selectiva e dictames

Artigo 10.—Informes de fiscalización selectiva.

1.—Os restantes informes de fiscalización ós que fai referencia o artigo 63.3 do Regulamento de réxime do Consello de Contas, e que deben presentarse no Parlamento, serán obxecto de debate e votación no seo da Comisión Permanente non Lexislativa de Relacións co Consello de Contas, logo da súa publicación polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2.—O debate en Comisión iniciarase coa presentación do informe polo conselleiro maior do Consello de Contas ou membro do mesmo que por razón de materia sexa designado para informar ante a Cámara, asistido dos funcionarios que estime necesario. De contado ou logo dunha suspensión non superior a trinta minutos, poderá facer uso da palabra, por un tempo máximo de dez minutos, un representante de cada grupo parlamentario. Trala contestación do representante do Consello de Contas, tódolos grupos parlamentarios que interviñeron no debate terán dereito a unha rolda de réplica para aclararen aspectos da súa anterior intervención, por un tempo non superior a cinco minutos.

Pecharase coa intervención do representante do Consello, se é o caso.

3.—Rematado o debate e dentro dos tres días hábiles seguintes, os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa da Comisión propostas de resolución congruentes co informe selectivo obxecto de debate.

4.—A defensa, o debate e maila votación das propostas de resolución realizaranse polo procedemento establecido para as propostas debatidas sobre o informe da Conta xeral, cun tempo de intervención conxunta de dez minutos.

5.— As resolucións aprobadas pola Comisión sobre o devandito informe publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Artigo 11.—Emisión do dictame e consultas.

Os dictames e as consultas emitidos polo Consello de Contas sobre as materias previstas no artigo 4.f) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, remitiranse á Mesa do Parlamento e á Comisión Permanente non lexislativa para o seu coñecemento.

## 12. Normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios.

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 8 de xuño de 1994, acordou aproba-las normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e os modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1994.

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

Acordo da Mesa do 8 de xuño de 1994 polo que se aproban as normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara

EXAMINADO o expediente incoado para dar cumprimento ó disposto nos artigos 6.7 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, e 15.3 do Regulamento da Cámara, e sometido á audiencia da Xunta de Portavoces, a Mesa, por unanimidade, ACORDA:

1°) Aproba-las normas reguladoras do Rexistro de intereses da Cámara e os modelos de declaración de actividades e bens, tanto iniciais coma modificativos ou complementarios.

2°) Publicar no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia as ditas normas e os modelos para a súa plena vixencia.

Normas reguladoras do Rexistro de intereses dos deputados do Parlamento de Galicia.

Primeira.- Creación.

En cumprimento do disposto nos artigos 6.7 da Lei 15/1992, do 3 de decembro, de modificación da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia, e 15.3 do Regulamento, a Mesa do Parlamento acorda a creación do Rexistro de intereses dos deputados do Parlamento de Galicia.

Segunda.- Contido.

Incorporaranse ó Rexistro de intereses os expedientes individualizados dos deputados pertencentes a cada lexislatura do Parlamento de Galicia. Cada expediente deberá conter:

1) Declaración de actividades e de cargos susceptibles de proporcionaren ingresos económicos.

2) Declaración de bens patrimoniais.

3) Declaracións modificativas ou complementarias.

Terceira.- Modelo de declaración.

1.- As declaracións iniciais sobre actividades e bens e as subseguintes á perda da condición de deputado deberanse efectuar nos modelos oficiais elaborados polos servicios da Cámara e aprobados pola Mesa do Parlamento, segundo o establecido no artigo 6.7 da Lei 15/1992, do 30 de decembro (Anexos I e II).

2.- As declaracións modificativas poderanse facer no modelo que, con carácter indicativo, se achega, ou en calquera outro que elabore o deputado e no que reflicta os datos significativos da súa modificación (Anexos III e IV).

Cuarta.- Forma e prazo de presentación.

1.- As declaracións de bens poderanse presentar en sobre pechado, que soamente se poderá abrir na Comisión do Estatuto dos Deputados cando fose necesario para o cumprimento da competencia que ten asignada.

2.- As declaracións de actividades e cargos que poden proporcionar ingresos económicos e a de bens patrimoniais deberanse presentar no momento da entrega da credencial acreditativa da condición de deputado electo ou antes de se celebra-la sesión constitutiva da lexislatura ou daquela na que poida acada-la condición plena de deputado.

3.- As declaracións de actividades e bens deberanse actualizar cando existan circunstancias modificativas na súa declaración orixinaria no prazo de un mes.

4.- As declaracións complementarias pódense facer en calquera momento expresando as razóns ou os motivos da súa complementariedade.

Quinta.- Dependencia do Rexistro.

O Rexistro de intereses estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara -instrumentándose a súa custodia ou depósito no oficial maior- e a disposición da Comisión do Estatuto dos Deputados cando sexa necesario para o cumprimento das súas funcións.

Sexta.- Acceso ó Rexistro.

1.- Calquera persoa física ou xurídica que alegue interese lexítimo poderá acceder ó Rexistro e consulta-los datos contidos na declaración de actividades e cargos susceptibles de proporcionaren ingresos económicos.

2.- Para instrumenta-lo dito acceso deberá presentar solicitude por escrito, debidamente xustificada, dirixida ó presidente da Cámara, quen, oída a Mesa do Parlamento, concederá a oportuna autorización.

3.- As declaracións de actividades e cargos non poderán ser fotocopiadas nin reproducidas, agás cando sexan remitidas á Comisión do Estatuto dos Deputados para os efectos previstos no artigo 16.2 do Regulamento da Cámara. Neste caso os membros da Comisión do Estatuto dos Deputados e os letrados adscritos á dita Comisión terán copias das devanditas declaracións, debendo ter en conta o disposto nos artigos 70.3 e 13 do Regulamento.

4.- As persoas que teñan un interese lexítimo e directo poderán obter certificacións daqueles datos que non afecten a intimidade dos deputados, cumprimentando un impreso de solicitude co seguinte contido:

a) Apelidos e nome do solicitante.
b) Número do documento nacional de identidade.
c) Profesión e domicilio.
d) Motivo concreto da súa petición.
e) Nome, apelidos e datos do deputado afectado.
f) Lugar, data e sinatura.

Sétima.- Obrigatoriedade.

A achega dos documentos esixidos para a formación do Rexistro de intereses configúrase como un deber dos deputados e un requisito para a adquisición da súa condición plena nos termos previstos no artigo 15 do Regulamento da Cámara, debéndose retira-lo dito deber nos trinta días naturais seguintes á perda da súa condición.

En caso de incumprimento haberá que aterse ó disposto no artigo 7 do Regulamento da Cámara.

Disposición adicional

As disposicións incluídas na presente resolución serán interpretadas pola Mesa do Parlamento de Galicia con estricto respecto dos dereitos fundamentais dos señores deputados.

Disposición derradeira.

A presente resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1994.

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 13. Normas para a tramitación do Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo.

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 4 de decembro de 1995, aprobou as normas para a tramitación do Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do pobo.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 1996.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Normas para a tramitación do Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo.

A disposición adicional única da Lei 6/1984, do 5 de xuño, así como o seu artigo 10, poñen de manifesto a necesidade de aprobar unhas normas reguladoras das relacións entre o Valedor do Pobo, a Mesa do Parlamento e a Comisión de Peticións. A ambigüidade das normas obriga a establecer un procedemento específico que permita a aprobación e publicación do dito regulamento no Boletín Oficial da Cámara.

Xa que logo, considérase conveniente que se estableza un procedemento no que a iniciativa de elaboración deste regulamento a faga o Valedor do Pobo e a súa tramitación e aprobación lle corresponda á Comisión de Peticións, ó abeiro das seguintes

NORMAS

Primeira

Cualificado e admitido a trámite o Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da oficina do Valedor do Pobo, a Mesa do Parlamento de Galicia dispoñerá a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e maila apertura dun prazo de quince días para a presentación de emendas, mediante escrito dirixido á Comisión permanente non lexislativa de Peticións.

Só caben emendas de devolución do proxecto ou ó articulado, e correspóndelle-la presentación das primeiras ós grupos parlamentarios e das segundas ó seu portavoz ou a calquera deputado membro do grupo co coñecemento do seu portavoz.

Segunda

Unha vez cualificadas e admitidas a trámite as emendas presentadas, a Mesa da devandita Comisión requirirá dos portavoces dos distintos grupos parlamentarios que designen os seus ponentes, que deberán ser membros da devandita Comisión.

Logo de seren designados, a Mesa da Comisión nomeará provisionalmente a Ponencia, e ordenará, de xeito conxunto, a publicación das emendas e da Ponencia.

A Ponencia elaborará o seu informe, á vista das emendas presentadas e do proxecto en trámite, e incorporaralle a este aqueles textos que obteñan o apoio maioritario mediante voto ponderado.

Debate e aprobación do dictame

O debate e votación das emendas e do texto articulado do informe realizarase na Comisión de Peticións, axustándose ó establecido nos artigos do 116 ó 118 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Como acto previo, a Comisión ratificará o nomeamento da Ponencia.

O dictame aprobado pola devandita Comisión publicarase como Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia, e a partir desta última inserción adquirirá relevancia xurídica externa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 1995.

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 14. Normas complementarias ó acordo da Mesa do Parlamento do 5 de maio de 1987 para ordena-la elección de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia.

Presidencia

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 1 de abril de 1997, prestóulle-la súa aprobación ás Normas complementarias ó acordo da Mesa do Parlamento do 5 de maio de 1987 para ordena-la elección de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia.

En cumprimento do artigo 65 e concordantes do Regulamento, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 1997

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

Normas complementarias ó acordo da Mesa do Parlamento do 5 de maio de 1987 para ordena-la elección de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia.

I
Antecedentes

1.- Declarada a existencia de dúas vacantes no Consello de Contas, por expiración do mandato (arti-go 16.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño), e esgotada a fase correspondente á presentación de candidaturas, constátase a existencia neste intre dunha soa candidatura para a cobertura das ditas vacantes. A situación creada esixe determinar qué vacante debe ser provista individualizando o conselleiro afectado antes de proceder á elección. Proceso lóxico que permite, unha vez que se coñece o membro que debe cesar na prórroga de funcións, formar con certeza e independencia o voto do deputado.
2.- Para establece-la orde de renovación, resulta necesario arbitrar uns criterios obxectivos como son a antigüidade no cargo, a orde de toma de posesión e a votación obtida na correspondente elección.
A antigüidade no cargo neste caso non semella que sexa dirimente. D. Miguel Ángel Crespo Domínguez e D. Manuel González Vidal (falecido no ano 1995 e substituído polo que lle restaba de mandato por Dª Ana Mª Luisa Bravo Doviso), tomaron posesión dos seus cargos de conselleiros o día 28 de febreiro de 1991 con termo de expiración do seu mandato para o 28 de febreiro de 1997. O seu nomeamento e toma de posesión fíxose por orde alfabética de apelidos, Sres. Crespo Domínguez e González Vidal.
Por último, na elección efectuada polo Pleno da Cámara do 26 de decembro de 1990, a candidatura do Sr. Crespo Domínguez obtivo 64 votos, e a do Sr. González Vidal, 63 votos.
Non resultando significativo o primeiro dos criterios, e aplicados de xeito concorrente os outros dous, a orde de renovación das vacantes sería a seguinte:
-1ª vacante, a consellería desempeñada por D. Miguel Ángel Crespo Domínguez.

-2ª vacante, a consellería desempeñada inicialmente por D. Manuel González Vidal, e posteriormente, desde o 20 de novembro de 1995, por Dª Ana Mª Luisa Bravo Doviso.
3.- A Presidencia someteu á consideración da Mesa e da Xunta Portavoces, nas súas reunións celebradas o 1 de abril, os posibles criterios para ordena-la renovación das vacantes e as distintas alternativas existentes para a elección do único candidato proposto. Por maioría de ámbolos dous órganos da Cámara atribuíuselle á Mesa do Parlamento a competencia para fixa-la orde de renovación, que deberá remitírselle ó Pleno antes de proceder á elección do candidato proposto.

II
Acordo

Á vista do exposto, a Mesa, por maioría, presta a súa aprobación ás seguintes

Normas
Primeira.- Como actuación previa á cobertura das dúas vacantes existentes no Consello de Contas, a Mesa propoñeralle á Cámara, para a súa ratificación, a orde de renovación cos nomes dos conselleiros afectados:

- Primeira vacante, D. Miguel Ángel Crespo Domínguez.
- Segunda vacante, Dª Ana Mª Luisa Bravo Doviso.

Segunda.- Ratificada a orde de renovación, someterase a votación o candidato proposto, que, se obtivese a maioría das tres quintas partes da Cámara, ou sexa, 45 votos como mínimo, ocupará a primeira vacante.

Terceira.- Desde hoxe, queda aberto o prazo de presentación de candidatos para a segunda vacante, podendo facer uso deste dereito calquera dos grupos parlamentarios da Cámara.

No non previsto nestas normas aplicarase o conti-do do acordo adoptado pola Mesa o 5 de maio de 1987 (acordo interpretativo nº 6), coas adaptacións numéricas, formais e temporais consontes co carácter e co ámbito da elección.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 1997

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

## 15. Normas para a elección de vocais do Consello de Bibliotecas.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 3 de marzo de 1998, aprobou as normas para a elección de vocais do Consello de Bibliotecas.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 1998

José María García Leira
Presidente

Normas para a elección de vocais do Consello de Bibliotecas.

Limiar

Correspóndelle á Comisión 4.ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, designar catro membros para o Consello de Bibliotecas, entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural, conforme o previsto no artigo 6 da vixente Lei de bibliotecas, do 11 de outubro de 1989.

A duración do mandato para o caso dos membros elixidos pola Comisión non será superior ó da lexislatura na que fosen nomeados, sen prexuízo de que poidan ser reelixidos, tal como establece o artigo 6.2 da vixente lei.

Non existen normas específicas sobre a forma e o modo de elección dos catro vocais de designación parlamentaria. Nin a Lei de bibliotecas nin o Regulamento da Cámara conteñen normas sobre o procedemento que se debe seguir para designa-los catro membros do devandito instituto pola Comisión 4.ª, Educación e Cultura. Tampouco se sinala un prazo determinado para a súa elección. Sen embargo, co fin de cumprir axeitadamente as previsións da lei, convén elixilos o antes posible.

Xa que logo, a Mesa da Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na súa reunión do día 25 de febreiro de 1998, aprobou ás seguintes normas:

I.- Normas xerais

Primeira

Correspóndelle á Comisión 4.ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia designar catro vocais para o Consello de Bibliotecas, elixibles entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural, de acordo co previsto no artigo 6.2.a) da Lei 14/1989, de bibliotecas.

Segunda

Recibida a correspondente petición da Xunta de Galicia, a Mesa do Parlamento daralle traslado dela á Mesa da Comisión, que fixará a data de celebración da elección e elaborará e executará o correspondente calendario electoral.

Terceira

1.- Para poder ser candidato será preciso te-la condición política de galego, prevista no artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, así como reuni-los requisitos xerais precisos para exercer un cargo público.

2.- Para poder ser elixible, o candidato deberá facer consta-la súa manifestación expresa de que está disposto a acepta-lo cargo para o caso de que fose elixido.

II.- Candidaturas

Cuarta

Poderán presentar candidatos, ata un máximo de catro, cada un dos grupos parlamentarios da Cámara.

Quinta

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Cámara tres días antes da data fixada para a votación. O escrito dirixirase ó presidente do Parlamento, quen lle dará traslado delas á Mesa da Comisión para a súa admisión e a elaboración das correspondentes listas de candidatos.

Coa proposta achegarase a declaración de aceptación polo candidato á que se refire a norma terceira. Tamén se achegará a declaración do candidato de reuni-los requisitos necesarios para poder ser elixible.

III.- Lista de candidatos

Sexta

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, os portavoces dos grupos parlamentarios só poderán modificalas para reparar irregularidades ou substituí-los candidatos, no suposto de que se dean as causas establecidas na lexislación electoral xeral. O prazo límite para presenta-las devanditas modificacións será o de vintecatro horas antes da celebración da votación. E o órgano competente para acepta-la modificación será a Mesa da Comisión, e por delegación desta a súa presidencia, que lles dará traslado, de xeito inmediato e en todo caso cunha antelación mínima de seis horas ó acto de votación, da modificación ós portavoces dos grupos parlamentarios.

Sétima

Logo de recibi-las distintas candidaturas, a Mesa da Comisión elaborará unha lista, por orde alfabética, dos candidatos propostos, ó carón dos que figurará o nome do grupo propoñente.

Oitava

A lista elaborada pola Mesa da Comisión remitiráselles ós seus membros corenta e oito horas antes do inicio da sesión, e, de existir modificacións, cunha antelación mínima de seis horas ó inicio da votación.

IV.- Votación

Novena

l.- A votación será secreta, mediante papeletas, de acordo co previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara. A papeleta confeccionarase de acordo coa normativa vixente.

2.- As papeletas distribuiraas o presidente da Comisión antes de empeza-la votación, e estas serán as únicas con valor oficial, e considerarase nulo o voto emitido noutro tipo de papeletas.

3.- O deputado marcará cunha cruz ata un máximo de catro nomes de candidatos e cando sexa chamado nominalmente polo secretario da Comisión emitirá en persoa o seu voto.

4.- O presidente recibirá a papeleta directamente, para introducila de inmediato e visiblemente na urna destinada para o efecto.

5.- Desde que o presidente anuncie o comezo da votación ata que esta remate non se poderá entrar nin saír da sala da Comisión.

6.- A Mesa da Comisión deberá estar integrada en todo momento por dous membros como mínimo.

V.- Escrutinio

Décima

1.- O presidente da Comisión procederá, no mesmo acto, ó escrutinio das papeletas unha vez rematada a votación, extraéndoas da urna e lendo en voz alta o nome dos candidatos votados.

2.- Serán nulos os votos emitidos en papeletas nas que consten máis de catro nomes de candidatos. Así mesmo, aquelas papeletas que non conteñan marcas nos nomes dos candidatos serán consideradas como votos en branco.

3.- Non invalidarán o voto aquelas marcas ou observacións que non impidan a clara intención do votante na formulación do seu voto.

VI.- Proclamación de candidatos

Décimo primeira

l.- Despois do anuncio dos resultados, o presidente da Comisión proclamará electos os catro primeiros candidatos que obtivesen o maior número de votos.

2.- O presidente da Comisión remitiralle ó presidente do Parlamento de Galicia a relación dos membros designados.

3.- O presidente do Parlamento de Galicia poñerá en coñecemento do conselleiro de Cultura os nomes dos elixidos, para os efectos do previsto no artigo 6.2.a) da Lei 14/1989.

Disposición adicional única

No non previsto nestas normas, o vixente Regulamento da Cámara terá carácter supletorio, no que sexa aplicable.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1998

Asdo.: María Marta Álvarez Montes
Presidenta da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

## 16. Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes.

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 3 de setembro de 1998, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces, ó abeiro do artigo 30.1.1.ª do Regulamento, aprobou as normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 1998

José María García Leira
Presidente

Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes.

O artigo 155.5 do Regulamento establece unha regulación mínima para a tramitación ante o Pleno da Cámara das preguntas cualificadas de urxentes. Cómpre agora facilita-lo seu debate e a regulación daqueles trámites, implícitos ou omitidos, que permitan o diálogo e o control sobre cuestións actuais verbo das que, pola súa importancia e urxencia, sexa oportuno coñece-la posición do Goberno.

Con base no razoamento exposto, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 3 de setembro de 1998, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces, ó abeiro do artigo 30.1.1.ª do Regulamento, aprobou as seguintes

Normas

1.ª.- Presentación.

As preguntas solicitadas polo procedemento de urxencia e cunha motivación suficiente poderán presentarse no Rexistro Xeral da Cámara ata as seis horas antes da correspondente reunión da Mesa do Parlamento, que, de xeito regular, se desenvolverá o martes da semana anterior a aquela na que vai ter lugar a sesión plenaria ordinaria.

2.ª.- Tramitación e publicación.

A Mesa do Parlamento, de xeito inmediato, procederá á súa cualificación, admisión a trámite e traslado á Xunta de Portavoces para a súa inclusión na próxima orde do día do Pleno pendente de convocatoria. Trala inclusión e a orde da súa publicación urxente no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, comunicaráselle a pregunta á Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 155.5 do Regulamento.

3.ª.- Cota de preguntas e límite por sesión plenaria.

No correspondente período ordinario de sesións, cada grupo terá dereito, como mínimo, á tramitación dunha pregunta polo procedemento de urxencia, coa cota dunha máis por cada tres deputados membros do mesmo grupo parlamentario.

Establécese como límite a inclusión dunha pregunta por cada grupo parlamentario na orde do día de cada sesión plenaria. Tralo seu debate, imputaráselle á cota do deputado ou do grupo parlamentario que a formulou para os efectos previstos no artigo 155.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 1998

José María García Leira
Presidente

## 17. Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia.

No sistema parlamentario autonómico e dentro do apartado relativo ás preguntas con contestación oral ante o Pleno da Cámara, ten adquirido carta de natureza nalgúns parlamentos a modalidade de preguntas dirixidas ó presidente dos respectivos executivos.

Para instrumenta-las ditas modalidades, uns parlamentos modificaron os seus regulamentos e outros desenvolveron acordos parlamentarios puntuais, da Mesa e da Xunta de Portavoces, para a súa regulación.

Esta última solución, neste momento, semella se-la máis rápida para integrar, dentro dos documentos de control, esta modalidade axeitada ós trámites previstos no artigo 155 do Regulamento do Parlamento.

Xa que logo, a Mesa e maila Xunta de Portavoces, nas reunións que tiveron lugar o día 29 de xaneiro de 2002 e ó abeiro do artigo 30.1.1.º do Regulamento, aprobaron as seguintes

NORMAS

Primeira.- Titulares e destinatario das preguntas parlamentarias ante o Pleno.

Os deputados da Cámara, logo do coñecemento do seu grupo parlamentario, e os seus portavoces, poderán formular preguntas ó presidente da Xunta de Galicia para a súa contestación oral e persoal ante o Pleno da Cámara en desenvolvemento do disposto no artigo 155 do Regulamento.

Segunda.- Formulación e presentación.

As preguntas deberán formularse por escrito ante a Mesa do Parlamento e presentaranse no Rexistro da Cámara ata as seis horas antes da reunión da Mesa do Parlamento preparatoria da orde do día do próximo Pleno pendente de convocatoria.

Terceira.- Admisión e características das preguntas.

A Mesa do Parlamento cualificará e admitirá a trámite aquelas preguntas que conteñan unha sucinta e estricta formulación dunha soa cuestión de interese xeral para a Comunidade Autónoma ou que sexa de actual e acentuada relevancia política, coa estructura e finalidades previstas no artigo 155.1 do Regulamento.

A Mesa rexeitará as preguntas que non reúnan as características anteriormente referenciadas e declarará decaídas aquelas que, admitidas a trámite, non foran incluídas na correspondente sesión plenaria. Neste caso os seus titulares deberán reiteralas, se pretendesen a súa inclusión noutra sesión plenaria.

Cuarta.- Periodicidade e número.

Dentro do período ordinario de sesións, unha vez ó mes e na orde do día da primeira ou segunda sesións plenarias quincenais, incluirase un punto denominado preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

O número de preguntas dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia que se pretendan incluír na orde do día da correspondente sesión plenaria será dunha por grupo parlamentario. Se os deputados ou portavoces presentaran varias, o número máximo será de tres preguntas por grupo e, delas, o presidente da Xunta de Galicia elixirá unha para darlle resposta.

Quinta.- Tramitación e substanciación ante o Pleno da Cámara.

A pregunta incluída na orde do día da correspondente sesión plenaria seralle comunicada polo presidente do Parlamento ó presidente da Xunta de Galicia, dentro dos dous días seguintes ó da súa admisión a trámite, publicarase con carácter urxente no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e poderase solicita-lo seu aprazamento nos termos previstos no apartado 4 do artigo 155 do Regulamento.

A súa substanciación ante o Pleno da Cámara axustarase ó procedemento establecido no apartado 3 do artigo 155 do Regulamento. A orde de intervención dos deputados ou, se é o caso, dos portavoces virá fixada polo seu número rexistral e pode ser alterada por acordo do Pleno da Cámara, de xeito motivado, coa suficiente antelación para que lles sexa comunicada ós portavoces dos grupos parlamentarios ou ós deputados.

## 18. Modificación do acordo interpretativo, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento do Parlamento de Galicia, respecto do prazo de inclusión na orde do día do Pleno ou das comisións das proposicións non de lei.

Presidencia

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do día 13 de febreiro de 2002, aprobou a modificación do acordo interpretativo, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento do Parlamento de Galicia, respecto do prazo de inclusión na orde do día do Pleno ou das comisións das proposicións non de lei, co seguinte teor literal:

O artigo 2 das normas complementarias ó artigo 161 do Regulamento da Cámara, aprobadas por acordo da Mesa do 20 de xuño de 1986, queda redactado nos termos seguintes:

"As proposicións non de lei estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno ou das comisións parlamentarias transcorridos seis días hábiles desde o día da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia."

O que se publica para xeral coñecemento.

## 19. Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia

. A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión que tivo lugar o día 17 de xuño de 2003, aprobou os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2003

José María García Leira
Presidente

A entrada en vigor o día 31 de maio da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia (DOG núm. 104, do 30 de maio), comporta a derrogación do título I e das disposicións adicionais, transitoria e derradeiras da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia.

Para dar cumprimento á nova norma legal, e dun xeito especial ós artigos 7.3 e 8 e á disposición transitoria primeira, a Mesa debe proceder á aprobación dunha norma supletoria que permita a designación polo Parlamento de Galicia de seis representantes nos consellos sociais para cada unha das tres universidades galegas.

Xa que logo, oído o parecer da Xunta de Portavoces, a Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o día 17 de xuño, aprobou as seguintes

Normas

1. Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propoñer un máximo de seis candidatos para ser designados membros dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia. Deberán reuni-las condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 7.3 e 8 da Lei 1/2003, do 9 de maio, e na proposta deberá consta-la aceptación expresa do candidato.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento fixará o prazo de presentación e, cualificadas as propostas presentadas, elaborarase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado ós portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ó inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2. Votación

A designación dos representantes do Parlamento farase de conformidade co artigo 91 do Regulamento.

3. Escrutinio e elección

A Mesa do Parlamento, na correspondente sesión plenaria, efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos que obteñan maioría simple, ó non esixi-la actual lei un quórum especial.

De continuar existindo vacantes logo da primeira votación, os candidatos que non obtiveron maioría simple someteranse a unha segunda e última votación dentro da mesma sesión.

Do acordo plenario de designación, daráselle conta á consellería competente por razón da materia.

Norma derrogatoria

Estas normas derrogan o acordo interpretativo da Mesa do Parlamento número 7, do 9 de xuño de 1987.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2003

José María García Leira
Presidente

## 20. Normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento.

Presidencia

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión que tivo lugar o día 17 de xuño de 2003, aprobou as Normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2003
José María García Leira
Presidente

Normas para a elección de cinco membros do Consello Galego de Universidades pola Comisión de Educación e Cultura do Parlamento.

A entrada en vigor o día 4 de xuño da Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades (DOG núm. 106, do 3 de xuño) comporta a derrogación do título II da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia, e a necesidade de constituí-lo novo Consello no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor da devandita Lei 2/2003.

Para dar cumprimento á nova norma legal, e dun xeito especial ó artigo 7.1.f), a Mesa do Parlamento debe aprobar unha norma supletoria que permita a designación pola Comisión 4.ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia de cinco representantes no Consello Galego de Universidades.

Xa que logo, vista a proposta formulada pola Mesa da Comisión 4.ª, Educación e Cultura, e oída a Xunta de Portavoces, a Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o día 17 de xuño de 2003, aprobou as seguintes

Normas

I
Candidaturas

Primeira

En cumprimento do establecido no artigo 7.1.f) da Lei 2/2003, de 22 de maio, do Consello Galego de Universidades, correspóndelle á Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia designar cinco membros do Consello Galego de Universidades.

Segunda

1. Os grupos parlamentarios poderán presenta-los nomes dos candidatos, en proporción a súa representación no Pleno do Parlamento. Co escrito de presentación das candidaturas, os grupos parlamentarios deberán achega-la declaración de cada un dos candidatos na que manifesten a súa aceptación do cargo no caso de que fosen elixidos.

2. Para posuí-la condición de candidato será requisito esencial te-la condición política de galego, prevista no artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, e os requisitos xerais precisos para exercer un cargo público.

Terceira

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Cámara tres días antes da data fixada para a votación, en escrito dirixido ó presidente da Comisión, por intermedio do presidente do Parlamento de Galicia.

II
Lista de candidatos

Cuarta

A Mesa da Comisión elaborará unha lista, por orde alfabética, dos candidatos propostos, ó carón dos que figurará o nome do grupo propoñente.

Quinta

A lista elaborada pola Mesa da Comisión remitiráselles ós seus membros cunha antelación de corenta e oito horas antes do día da votación.

III
Votación

Sexta

A votación será secreta, mediante papeletas, de acordo co previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara. A papeleta será confeccionada de acordo coa normativa vixente.

Sétima

Cada deputado emitirá o seu voto marcando cunha cruz o nome dos seus candidatos, ata un máximo de cinco.

IV
Escrutinio e proclamación de candidatos

Oitava

A Mesa da Comisión fará o escrutinio na mesma sesión da Comisión e proclamará elixidos os cinco candidatos que obtiveran maioría simple. Serán nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de cinco nomes. Así mesmo, aquelas nas que non se sinalen nomes serán consideradas como votos en branco.

De existiren vacantes logo da primeira votación, os candidatos que non obtiveran maioría simple someteranse a unha segunda e última votación dentro da mesma sesión.

Novena

O presidente da Comisión remitiralle ó presidente do Parlamento de Galicia a relación dos membros designados, quen, á súa vez, a poñerá en coñecemento do conselleiro competente en materia universitaria, para os efectos previstos no artigo 7.2 da lei.

Norma derrogatoria

Estas normas derrogan o acordo número 20 da Mesa do Parlamento do 3 de marzo de 1998.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2003

José María García Leira
Presidente

**21. Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das Normas supletorias referidas ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei.**

Para facer máis eficaz a función de impulso da acción do Goberno que exerce a Cámara a través das proposicións non de lei, semella conveniente reducir o prazo de publicidade deste instrumento parlamentario para que estean en condicións de ser incluídas nunha orde do día. As actuais Normas supletorias foron aprobadas por acordo da Mesa do 20 de xuño de 1986 (BOPG núm. 40, do 11 de xullo de 1986) e modificadas por acordo do 13 de febreiro de 2002 (BOPG núm.86, do 4 de abril de 2002). Tras a última reforma operada, este prazo é de seis días hábiles desde a súa publicación.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento, oida a Xunta de Portavoces, acorda a modificación do apartado 2.º) das Normas supletorias referidas ao contido, ao prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei, que queda redactado da seguinte forma:

"2.º) As proposicións non de lei estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno ou das comisións parlamentarias transcorridos tres días hábiles desde o día da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia".

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2005

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

## 22. Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de agosto de 2005, de modificación das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia.

Tendo en conta o compromiso adquirido ante a Cámara polo presidente da Xunta durante o debate da súa investidura e a súa manifesta vontade de comparecer en todos os plenos ordinarios para contestar a unha pregunta oral formulada por cada un dos portavoces dos grupos parlamentarios, esta Presidencia propón a modificación das actuais Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento do Parlamento referidas á tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, e que foron aprobadas pola Mesa o 29 de xaneiro de 2002 (BOPG núm. 43, do 4 de febreiro de 2002).

A modificación afectaría unicamente a norma que regula a periodicidade coa que debe comparecer o presidente do Goberno perante o Pleno.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento, oida a Xunta de Portavoces, acordou a modificación, nos seguintes termos, das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia:

Modifícase a norma primeira das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, que queda redactada do seguinte xeito:

"Primeira.- Titulares e destinatario das preguntas parlamentarias ante o Pleno.

Os portavoces dos grupos parlamentarios poderán formular preguntas ao presidente da Xunta de Galicia para a súa contestación oral e persoal ante o Pleno da Cámara en desenvolvemento do disposto no artigo 155 do Regulamento."

Modifícase a norma cuarta das Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, que queda redactada da seguinte forma:

"Cuarta. Periodicidade e número.

Dentro do período ordinario de sesións e na orde do día de cada Pleno ordinario, incluirase un punto denominado preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

O número de preguntas dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia que se pretendan incluír na orde do día da correspondente sesión plenaria será dunha por grupo parlamentario. Se os portavoces presentasen varias, o número máximo será de tres preguntas por grupo e, delas, o presidente da Xunta de Galicia elixirá unha para darlle resposta."

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2005

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

## 23 . -Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 19 de maio de 2006, de modificación da Norma interpretativa verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 16 e 20 de setembro de 1988 (BOPG núm. 300, do 5 de novembro de 1998) aprobouse unha Norma interpretativa verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións.

O ordinal 2.º da citada norma establece o seguinte:

"Os demais documentos pódense incluír na orde do día en función da data na que teña que celebrarse a sesión parlamentaria, sempre que medie entre o remate do período hábil de publicidade da iniciativa e o da celebración da sesión un prazo mínimo de corenta e oito horas, por congruencia co disposto no artigo 74 do Regulamento".

A Mesa considera que o que o Regulamento esixe no indicado artigo 74 é que a documentación que teña que servir de base a un debate se distribúa con, cando menos, corenta e oito horas de antelación, agás acordo en contrario da Mesa do Parlamento ou da Comisión, debidamente xustificado, pero non require expresamente que a convocatoria se curse con esa antelación.

Así pois, o teor literal do dito ordinal obriga a engadir ao prazo de publicidade formal o mínimo de corenta e oito horas, co que con relativa frecuencia iniciativas que poderían estar en condicións de seren incluídas nunha orde do día non poden selo, coa conseguinte demora que iso comporta na súa tramitación.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, acorda a modificación do ordinal 2.º da Norma interpretativa verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións, que queda redactado da seguinte forma:

"2.º As restantes iniciativas pódense incluír na orde do día en función da data na que teña que celebrarse a sesión parlamentaria sempre que, se é o caso, o prazo de publicidade no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia se cumpra cando menos o día hábil anterior á súa tramitación no órgano correspondente".

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.ª

## 24. - Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de novembro de 2007, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento de designación de candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado

A recente aprobación da Lei orgánica 6/2007, de 24 de maio, pola que se modifica a Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, establece no seu artigo 16.1 que os maxistrados ou as maxistradas propostos polo Senado serán elixidos entre os candidatos ou as candidatas presentados polas asembleas lexislativas das comunidades autónomas nos termos que determine o Regulamento da Cámara Alta.

Pola súa banda, o artigo 184.7.a) do Regulamento do Senado dispón que cada asemblea lexislativa das comunidades autónomas poderá, no prazo que estableza a presidencia da Cámara Alta, presentar ata dous candidatos.

Para lles dar cumprimento ás citadas previsións, a Mesa da Cámara debe proceder á aprobación dunha norma supletoria que lle permita ao Parlamento de Galicia designar ata dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para os efectos da súa remisión ao Senado.

Xa que logo, oído o parecer da Xunta de Portavoces, a Mesa da Cámara, na reunión do 29 de novembro de 2007, aproba as seguintes

Normas

Primeira.— Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propor un máximo de dous candidatos ou candidatas, que deberán reunir os requisitos de idoneidade establecidos no artigo 18 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario, dentro do prazo que fixe aquela.

A Mesa da Cámara, logo de cualificadas as candidaturas presentadas, elaborará unha lista única pechada na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou das candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes.

Segunda.— Elección

A elección dos candidatos ou das candidatas farase consonte o establecido no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Terceira.— Escrutinio e proclamación de candidatos

A Mesa da Cámara, na correspondente sesión plenaria, efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos ou candidatas que obteñan a maioría simple.

De non se obter esta maioría, realizarase unha segunda e derradeira votación na mesma sesión plenaria.

Cuarta.— Comunicación do acordo plenario

De se producir a elección, a Presidencia do Parlamento de Galicia comunicaralle ao Senado os nomes do candidato ou dos candidatos designados.

Disposición derradeira única.— Dereito supletorio

No non previsto nestas normas, aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2007

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.ª

## 25. —Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de agosto de 2008, polo que se aproban as Normas reguladoras da presentación da memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia ante o Parlamento

A estrutura territorial autonómica deseñada pola Constitución Española de 1978 tivo en conta a existencia de poderes lexislativos e executivos de ámbito territorial. Esta previsión, feita efectiva a través do Estatuto de autonomía de Galicia no caso da nosa comunidade, recibiu recentemente un afianzamento mediante a creación da figura do fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei estatal 24/2007, do 9 de outubro, de modificación da Lei 50/1981, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, acomoda a organización territorial do Ministerio Fiscal ao modelo constitucional do Estado das autonomías, optando por reforzar en todos os aspectos a figura do fiscal no ámbito autonómico mediante a creación da figura do fiscal superior da Comunidade Autónoma, que vén substituír os fiscais xefes dos tribunais superiores de xustiza. Este novo fiscal superior asume a representación institucional do fiscal no ámbito territorial da comunidade autónoma, ademais de facerse cargo da dirección efectiva do Ministerio Público nese territorio.

Por outra banda, o fiscal superior ten unha dimensión institucional en canto interlocutor de autoridades da comunidade autónoma, xa que queda obrigado a remitir, e, se é o caso, presentar, a memoria anual ante o parlamento autonómico.

Por todo o antedito e dada a carencia dunha norma regulamentaria específica, a Mesa, en sesión do 29 de agosto de 2008, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces reunida na mesma data e ao abeiro do artigo 30.1.1ª. do Regulamento, préstalles a súa aprobación ás seguintes normas.

Primeira.- A memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia remitiráselle á Mesa do Parlamento dentro dos seis meses seguintes ao día no que se fixo pública, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Logo de recibida, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado á Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Segunda.- Incluída na orde do día dunha sesión da Comisión, o debate desenvolverase do xeito seguinte:

— Exposición oral da memoria polo fiscal superior, sen límite de tempo.
— Intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por dez minutos, para formularen preguntas ou faceren observacións sobre a memoria, ás que contestará o fiscal superior.

— Apertura dunha nova quenda que concederá a Mesa, se o estima oportuno, para que os deputados poidan solicitar do fiscal superior aclaracións sobre a información facilitada, por un tempo máximo para cada un de cinco minutos.
— Peche do debate por parte do fiscal superior.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2008

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1ª

**26. - Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia, do 14 de maio de 2009, sobre a ordenación da elección dos membros do Consello de Administración da Compañía Radio-Televisión de Galicia.**

I.- Presentación de candidaturas

Cada grupo parlamentario poderá propoñer ata un máximo de doce candidatos, que deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos apartados 1º e 4º do artigo 4º da Lei 9/1984, do 11 de xullo.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido a Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

Este escrito presentarase no Rexistro da Cámara e será obxecto de toma de coñecemento pola Mesa do Parlamento na sesión anterior ao Pleno en cuxa orde do día se inclúa a elección

O prazo de presentación remata as 18:00 horas do día 18 de maio de 2009.

II – Lista dos candidatos

Rematado o prazo de presentación, elaborarase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e os grupos parlamentarios que os propuxeron.

Unha vez confeccionada a lista e visada esta pola Mesa do Parlamento anterior ao Pleno en cuxa orde día se inclúa a elección, será enviada aos portavoces dos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da realización da votación.

III- Votación

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento, será secreta mediante papeletas.

Cada deputado marcará cun signo distintivo o nome do candidato ou candidatos elixidos, ata un máximo de doce nomes.

Cada deputado depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para o efecto.

Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de doce nomes e en branco aquelas nas que non figure nome sinalado.

IV- Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixidos aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos, sempre que este equivalla aos 2/3 dos membros da Cámara, ou sexa, 50 votos.

Os candidatos que non teñan os 50 votos necesarios someteranse a unha segunda votación e, de non obtelos, procederase á súa elección logo da inclusión do asunto na orde do día do próximo Pleno.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2009
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.

## 27. - Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia, do 14 de maio de 2009, sobre a ordenación da elección dos membros do Consello Asesor da Radio-Televisión Española en Galicia

I.- Presentación de candidaturas

O Grupo Parlamentario Popular poderá propoñer 7 candidatos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 4 e o grupo do Bloque Nacionalista Galego 2, que deberán reunir as condicións de compatibilidade preceptuadas nos apartados 3º e 4º do artigo 8º da Lei 10/1983, de 9 de decembro.

A presentación de candidaturas farase por escrito dirixido a Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

Este escrito presentarase no Rexistro da Cámara e será obxecto de toma de coñecemento pola Mesa do Parlamento na sesión anterior ao Pleno en cuxa orde do día se inclúa a elección

O prazo de presentación remata as 18:00 horas do día 18 de maio de 2009.

II – Lista dos candidatos

Rematado o prazo de presentación, elaborarase unha lista única pechada, na que figurarán, por orde alfabética, os nomes dos candidatos e os grupos parlamentarios que os propuxeron.

Unha vez confeccionada a lista e visada esta pola Mesa do Parlamento anterior ao Pleno en cuxa orde día se inclúa a elección, será enviada aos portavoces dos grupos parlamentarios como mínimo seis horas antes da realización da votación.

III- Votación

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento, será secreta mediante papeletas.

O deputado que non estivese conforme con algún candidato poderá tachalo para os efectos de non concederlle o seu voto.

Cada deputado meterá a papeleta nun sobre normalizado a entregar polos servizos da cámara xunto con aquela.

Cada deputado depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para o efecto.

Consideraranse voto en branco os sobres que non conteñan papeleta

Consideraranse voto nulo as papeletas nas que se escribisen novos nomes ou sinais e marcas distintas da tacha do candidato non votado.

IV- Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixidos os candidatos máis votados ata os trece posibles e consonte a distribución por grupos parlamentarios recollida no punto I.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2009
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.

## 28. - Acordo da Mesa do Parlamento, do día 10 de decembro de 2009, polo que se aproban as Normas para o nomeamento dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 10 de decembro de 2009, aprobou as normas para a elección dun membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Segundo dispón o artigo 3.g) do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, o Parlamento, se o considera procedente, nomeará unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria.

A duración do seu mandato será de catro anos, sen prexuízo da súa reelección, tal como dispón o artigo 4 do Decreto 279/2008, do 11 de decembro.

Ao non existir previsións legais nin regulamentarias sobre o nomeamento correspondente ao Parlamento, faise necesario aprobar unha norma especifica na que se conteña a forma e o modo de efectuar a devandita elección.

Recibida a correspondente solicitude da consellaría competente en materia de educación, a Mesa da Cámara, de consideralo procedente, trasladaralla á Comisión 4.ª Educación e Cultura, que será a competente para proceder á súa designación.

Conforme as seguintes normas:

Primeira

Correspóndelle á Comisión 4.ª, Educación e Cultura, designar un membro do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, de acordo co previsto no artigo 3.g) do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, segundo a redacción dada polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro.

Segunda

Para ser candidata ou candidato será preciso ter a condición de galega ou galego, prevista no artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, así como reunir os demais requisitos precisos para exercer un cargo público.

Para poder ser elixible, a candidata ou o candidato deberá facer constar a súa manifestación expresa de estar disposto a aceptar o cargo para o caso de resultar elixido.

Terceira

Cada grupo parlamentario poderá presentar ata un máximo dunha candidata ou dun candidato.

Cuarta

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Cámara ata tres días antes da data fixada para a votación. O escrito dirixirase á Presidencia da Cámara, a que lle dará traslado á Mesa da Comisión para a súa admisión e elaboración da correspondente lista de candidatos.

A proposta irá acompañada obrigatoriamente do correspondente curriculum vitae da candidata ou candidato, da súa declaración de aceptación, así como da de reunir os requisitos necesarios para poder ser elixible.

Quinta

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, os portavoces dos grupos parlamentarios só poderán modificalas para reparar irregularidades, conforme ao establecido na lexislación electoral xeral. O prazo para presentar as rectificacións é o de corenta e oito horas antes da votación, e o órgano competente para aceptalas é a Mesa da Comisión, ou, por delegación desta, a súa Presidencia, que lle dará traslado de xeito inmediato e en todo caso cunha antelación mínima de seis horas ao acto da votación aos membros da Comisión 4.ª, Educación e Cultura.

Sexta

Recibidas as distintas candidaturas, a Mesa da Comisión elaborará unha lista por orde alfabética das candidatas e dos candidatos propostos, ao carón dos que figurará o nome do grupo propoñente. O nome de cada candidata ou candidato irá precedido dun recadro.

Sétima

A lista elaborada pola Mesa da Comisión remitiráselles aos seus membros corenta e oito horas antes do inicio da sesión, e, de existiren modificacións, cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da votación.

Oitava

A votación será secreta, mediante papeletas, de acordo co previsto no artigo 91 do Regulamento da Cámara.

As papeletas serán distribuídas antes de empezar a votación e serán as únicas oficiais. Reputarase nulo o voto emitido noutro tipo de papeletas.

A deputada ou o deputado marcará cunha aspa o recadro correspondente á candidata ou ao candidato ao que outorga o seu voto. Chamado nominalmente pola secretaria ou polo secretario da Comisión, depositará o seu voto.

Desde que a Presidencia da Comisión anuncie o comezo da votación ata o seu remate, non se poderá entrar nin saír da sala de comisión.

A Mesa da Comisión deberá estar integrada en todo momento por dous dos seus membros.

Novena

Serán nulas as papeletas nas que se sinalase máis dun nome dos candidatos e aquelas que conteñan modificacións, engadidos ou riscos nos nomes das persoas candidatas ou nas que se producise calquera outro tipo de alteracións. Consideraranse voto en branco as papeletas que non conteñan indicación a favor de ningunha das persoas candidatas.

Décima

Rematada a votación, comeza acto seguido o escrutinio. Feito público pola Presidencia o resultado, esta proclamará electa a persoa candidata que obtivese maior número de votos.

A Presidencia da Comisión remitiralle á presidenta ou ao presidente da Cámara o nome da persoa designada.

A Presidencia da Cámara comunicaralle á Consellería de Educación o nome da persoa elixida, para os efectos do previsto no artigo 4 do Decreto 279/2008, do 11 de decembro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Disposición adicional única

O Regulamento da Cámara terá carácter supletorio para todo o que non estea previsto nestas normas.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2009
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1

## 29. - Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de xaneiro de 2010, polo que se aproban as Normas para a elección polo Parlamento de Galicia dos representantes da Comunidade Autónoma de Galicia nas asembleas xerais das caixas de aforros galegas.

Coa entrada en vigor da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, ábrese un proceso de renovación da totalidade dos órganos das caixas de aforros galegas no que se lle atribúe ao Parlamento de Galicia a elección dos representantes da Comunidade Autónoma nas asembleas xerais das devanditas entidades. O número de representantes que hai que designar deriva da porcentaxe que a lei prevé e, para o caso que nos ocupa, varía dunha entidade a outra debido á presenza ou non de entidades públicas fundadoras, ás que tamén lles corresponde, se é o caso, unha determinada porcentaxe.

O marco legal establece parámetros de proporcionalidade, requisitos e incompatibilidades das candidatas e dos candidatos, en coherencia coa natureza da representación e coas funcións que deben desempeñar. O acordo da Mesa do Parlamento ha de moverse dentro dese marco e regular os trámites procedementais que garantan o bo fin do procedemento de elección.

Todo isto haberá de efectuarse no horizonte temporal dos dous meses que, desde a súa entrada en vigor, a norma legal en cuestión concede no seu réxime transitorio para realizar a devandita renovación. Por todo isto, cómpre establecer o procedemento de elección co fin de levar a cabo as previsións legais no tempo e na forma legalmente previstos.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión que tivo lugar o día 18 de xaneiro de 2010, aprobou as seguintes

Normas

Primeira.– Distribución da representación entre os grupos parlamentarios

A Mesa da Cámara acordará a distribución entre os grupos parlamentarios dos 32 representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) e dos 40 representantes na Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia (Caixa Galicia). A mencionada distribución realizarase de conformidade coa proporcionalidade prevista na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

Segunda.– Prazo para a presentación de candidaturas

A Mesa da Cámara notificaralles o acordo referido na norma anterior aos grupos parlamentarios e abrirá un prazo de dez días naturais para que presenten os candidatos ou candidatas no número que a cada un lles corresponda.

Terceira.– Requisitos das candidaturas

Os candidatos ou candidatas deberán cumprir os requisitos xerais esixidos no artigo 26 do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, segundo a modificación establecida mediante a Lei 10/2009.

De igual xeito, de conformidade co artigo 25.3.a) e h) do citado texto refundido, os candidatos ou candidatas deberán ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e ter os coñecementos ou a experiencia en materia económico-financeira ou xurídica que lles permitan adoptar as decisións que afecten a entidade, con coñecemento dos seus posibles efectos e das responsabilidades que asuman.

Cuarta.– Incompatibilidades

A candidatura non poderá recaer en persoa que exerza un cargo por mandato representativo nin en persoas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos da Administración autonómica, nin no persoal eventual ou directivo das corporacións locais. Así mesmo, non deberán incorrer nas incompatibilidades establecidas no artigo 28 do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, segundo a modificación establecida mediante a Lei 10/2009.

Quinta.– Formalización das candidaturas

Cada grupo parlamentario presentará, mediante escrito asinado polo seu portavoz, unha lista por cada caixa de aforros, que conterá os nomes das persoas propostas ata o número que lles corresponda, os datos do documento nacional de identidade e os enderezos respectivos.

Con cada lista achegarase a aceptación expresa de cada un dos candidatos ou candidatas e a declaración personalizada de reunir os requisitos establecidos na norma terceira e non incorrer nas circunstancias recollidas na norma cuarta do presente acordo, así como un breve currículo que documente a declaración anterior.

Sexta.– Cualificación das candidaturas

A Mesa cualificará os escritos referidos presentados por cada grupo parlamentario e estenderá o seu exame á documentación preceptiva adxunta. De comprobarse que non se axusta ao determinado neste acordo, non se admitirá a trámite, identificarase expresamente o extremo ou extremos incumpridos e outorgarase un prazo de cinco días naturais para a rectificación que remova a causa que motivou a inadmisión, ou, de non ser isto posible, para a presentación dun ou duns candidatos alternativos.

Sétima.– Inclusión na orde do día do Pleno

A Presidencia da Cámara, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces, incluirá a elección dos representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na orde do día da sesión plenaria seguinte á adopción do acordo de admisión a trámite das candidaturas, sen prexuízo do prazo de rectificación previsto na norma anterior.

Oitava.– Elaboración dunha lista única pechada

Elaborarase para cada caixa de aforros unha lista única pechada, na que figurarán, por orde alfabética do primeiro apelido, os nomes completos das candidatas e candidatos e os grupos propoñentes.

Esta lista trasladaráselles aos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de 6 horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente elección.

Novena.– Intervención dos grupos parlamentarios na sesión plenaria

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá ordenar a intervención dos grupos parlamentarios por un tempo máximo de cinco minutos.

Décima.– Votación da lista de candidatas ou candidatos

Cada unha das dúas listas elaboradas someterase a unha única votación. As candidatas ou candidatos entenderanse designados se obteñen o voto favorable da maioría simple da Cámara. De non obtelo, a Presidencia do Parlamento solicitará dos grupos parlamentarios a presentación de novas propostas para formalizar que se tramitarán conforme o establecido neste acordo. A lista elaborada someterase a votación nunha posterior sesión plenaria.

Undécima.– Comunicación do acordo de elección

No prazo máximo de dous días naturais desde o remate da sesión plenaria, o resultado da elección, co nome e os datos das candidatas ou candidatos designados, comunicaráselle á caixa de aforros que corresponda mediante escrito dirixido á súa presidencia. Do mesmo xeito, a través da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, comunicaráselle o resultado da elección á consellaría competente en materia de política financeira.

O resultado da elección publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Duodécima.– Cobertura de vacantes

As vacantes que se produzan durante o período do mandato serán cubertas polo mesmo procedemento establecido nestas normas. O grupo parlamentario que efectuou no seu día a proposta da candidata ou candidato que haxa que substituír deberá presentar a nova candidatura para cubrir a vacante.

A duración do mandato da persoa representante así designada será a que lle falte por cubrir á persoa que substitúa.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2010

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

## 30. - Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de xullo de 2010, polo que se aproban as Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (modificada posteriormente pola Resolución da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de abril de 2011)

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión que tivo lugar o día 15 de xullo de 2010 e logo de audiencia da Xunta de Portavoces reunida na mesma data, acordou aprobar as seguintes Normas

Primeira.- Preferencia na tramitación dos proxectos de actos lexislativos

Os proxectos de actos lexislativos da Unión Europea que se reciban no Parlamento de Galicia para o control do principio de subsidiariedade gozarán de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, á que se lle encomenda o cumprimento material do Protocolo sobre a aplicación do principio de subsidiariedade anexo ao Tratado de Lisboa.

Segunda.- Remisión do proxecto de acto lexislativo

Tan pronto como sexa recibido, o proxecto de acto lexislativo correspondente será remitido pola Presidencia da Cámara –sen necesidade de que previamente teña que ser admitido a trámite pola Mesa– aos grupos parlamentarios e aos membros da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos.

A Presidencia do Parlamento de Galicia dará conta inmediata á Mesa das remisións realizadas.

Terceira.- Propostas de ditame motivado

No prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

Cuarta.- Pronunciamento da Xunta de Galicia

De existir propostas de ditame motivado por parte dos grupos parlamentarios, remitiránselle conxuntamente co proxecto de acto lexislativo á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e para que, se o estima oportuno, exprese o seu criterio sobre o cumprimento do principio de subsidiariedade no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do escrito.

Se a Xunta de Galicia expresase o seu criterio sobre o cumprimento do principio de subsidiariedade, daráselles traslado deste aos grupos parlamentarios e aos membros da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos.

Quinta.- Tramitación das propostas de ditame motivado

De presentarse as propostas ás que se refire a norma anterior, a Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos organizará a tramitación e adoptará as medidas que procedan para a deliberación e aprobación, se é o caso, do correspondente ditame, que deberá producirse dentro do prazo de catro semanas desde a remisión da iniciativa lexislativa polas Cortes Xerais.

Tamén poderá acordar, se procede, a constitución dunha ponencia para estudar as propostas de ditame presentadas. A devandita ponencia adoptará as súas decisións atendendo ao criterio de voto ponderado.

Sexta.- Comunicación á Comisión Mixta para a Unión Europea

O Parlamento de Galicia comunicaralle á Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais, a través do seu presidente ou presidenta, a aprobación, se é o caso, do ditame da Comisión. Se o Parlamento de Galicia non emitise ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade, a Mesa do Parlamento decidirá a comunicación que, se é o caso, se deba remitir ás Cortes Xerais.

Disposición derradeira única.- Entrada en vigor

Estas normas estrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1º

## 31. - Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 2 de novembro de 2010, pola que se aproban as Normas supletorias do procedemento de audiencia do Parlamento de Galicia na autorización das fusións das caixas de aforros

O artigo 54 da Lei de caixas de aforro de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2009, do 30 de decembro, dispón que as fusións das caixas de aforro deberán ser autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia, oído o Parlamento de Galicia, logo da solicitude conxunta das entidades que pretenden a súa fusión.

Tendo en conta o antedito e en ausencia de procedemento regulamentario aplicable, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 2 de novembro de 2010, oída a Xunta de Portavoces, acordou a aprobación destas normas:

1ª. Se a Xunta lle remitise ao Parlamento a solicitude conxunta das entidades que pretenden a súa fusión, a Mesa da Cámara cualificará o documento e publicará no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia a súa a admisión a trámite. Así mesmo, posibilitará o coñecemento por parte dos deputados e das deputadas da Cámara da documentación remitida.

2ª. Unha vez acordada polos órganos competentes, conforme o artigo 72 do Regulamento, a inclusión na orde do día do Pleno, a substanciación da audiencia producirase mediante a intervención sucesiva de menor a maior e por un tempo máximo de dez minutos dos grupos parlamentarios que o desexen.

3ª. Finalmente, producirase unha votación na que a Cámara deberá pronunciarse mediante unha única votación sobre a solicitude conxunta presentada polas entidades que pretenden a súa fusión. Deste acordo parlamentario daráselle conta á Xunta de Galicia e será publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira única.– Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2010

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

## 32. - Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de abril de 2011, polo que se modifican as Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 15 de xullo de 2010, e logo de audiencia da Xunta de Portavoces, aprobou unhas normas posteriormente publicadas no BOPG núm. 276, do 19 de xullo, polas que se instrumenta o procedemento para que a Cámara manifeste o seu criterio respecto do control do principio de subsidiariedade nos procedementos lexislativos da Unión Europea.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 21 de febreiro de 2011, tomou coñecemento da comunicación do 14 de febreiro de 2011 do Comité das Rexións da Unión Europea, e acordou transmitirlle a vontade da Cámara de integrarse na rede de seguimento da subsidiariedade do Comité das Rexións. Como consecuencia desta incorporación, cómpre instrumentar o procedemento para a formación da vontade parlamentaria con motivo das consultas que proveñan da rede de seguimento da subsidiariedade citada.

Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, a Mesa dispón:

Artigo único. Modificación das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea

Engádese unha disposición adicional que queda redactada nos termos seguintes:

“ Disposición adicional. Rede de Seguimento da Subsidiariedade no Comité das Rexións

As consultas que o Parlamento de Galicia reciba co gallo da súa integración na Rede de Seguimento da Subsidiariedade no Comité das Rexións, tramitaranse consonte ao procedemento establecido no presente Acordo.”

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Este Acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º